



Presentación do libro "*Ser adolescente. ¿Transición o destino?*"



Xoves, 2 de xuño de 2022, 20:00 horas.

Inscripción gratuíta no enlace:

https://us06web.zoom.us/webinar/register/WN_HyD04BbvR0W34WU1V5Qjug

- Dirixido a público xeral.

DESCRIPCIÓN DA ACTIVIDADE



Presentación do libro "*Ser adolescente. ¿Transición o destino?*".

Presentación do libro, polos seus autores, "*Ser adolescente. ¿Transición o destino?*", publicado por IOC Editorial en novembro de 2021. O libro trata da configuración e características das adolescencias contemporáneas.

Antes de que a pandemia a causa da COVID-19 aparecese nas nosas vidas, os/as adolescentes contemporáneos xa parecían vivir nun escenario postapocalíptico no que eles representan a nova normalidade social. Atrapados nunha etapa que noutro tempo era de tránsito, a saída da adolescencia converteuse nunha nova Ítaca. As caracteropatías na adolescencia desafían hoxe a lóxica do continuo normalidade-patoloxía para abrir un interrogante sobre a construción da identidade, como o binarismo estourou en mil anacos e o corpo foi desprazado como lugar da experiencia por un mundo virtual. O traballo co adolescente contemporáneo preséntasenos como un gran desafío e un enigma por resolver.

PRESENTA



Ricardo Fandiño Pascual (G-1955):

Psicólogo clínico e Doutor en Psicoloxía pola Universidade de Vigo. Coordinador xeral da Asociación para a Saúde Emocional na Infancia e a Adolescencia (ASEIA). Profesor asociado do Departamento de Psicoloxía Evolutiva da Universidade de Santiago de Compostela. Profesor colaborador da Universitat Oberta de Catalunya (UOC) e da Universidad Internacional de Valencia (VIU). Coordinador do Grupo de Psicoloxía Xurídica da Infancia e a Adolescencia do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia. Psicoterapeuta acreditado pola Federación Española de Asociaciones de Psicoterapia (FEAP). Co-autor dos libros "La lucha sexual de los adolescentes en la hipermodernidad" (UOC, 2018) e "Ser adolescente. ¿Transición o destino?" (UOC, 2021).

María Vanessa Rodríguez Pousada (G-5845):

Psicóloga xeral sanitaria, psicopedagoga e sexóloga cunha longa traxectoria na intervención educativa, terapéutica e institucional con mozos e mozas. Profesora colaboradora da Universitat Oberta de Catalunya (UOC) no Máster de Psicopedagogía. Realiza formación continua no Instituto Wilhelm Reich-Europa, é membro fundadora da Asociación para a Saúde Emocional na Infancia e na Adolescencia (ASEIA) e vicepresidenta da Sociedade Galega de Sexoloxía (SOGASEX).

